



**Javier Iván Hita Rodríguez
(Pontevedra, 1975)**



**XUNTA
DE GALICIA**

O misticismo e a poética da pedra

Cando estudaba Secundaria en Lalín acostumaba viaxar na fin de semana a Santiago de Compostela para «perderse» na catedral e na librería Follas Novas, guiado pola súa grande inquedaanza cultural. Seguramente nunca imaxinou que estes dous templos da cultura acabarían marcando o seu destino.

Logo de licenciarse en Belas Artes en Granada, a terra paterna na que pasou a infancia, decidiu entrar na Escola de Canteiros de Poio atraído polas particularidades da escultura, do traballo coas mans. «Coa pedra esta arte cobra máis relevancia, polo significado patrimonial, a historia, o misticismo deste material... Hai toda unha poética do tempo, un tempo que segue a dar forma ás obras do autor».

Aínda lembra a sensación do primeiro día de traballo na catedral, coa súa idea poética daquel destino frecuente anos atrás. Subir á torre sur, divisar a cidade, poder tocar o inalcanzable. «Foi como completar un soño de mocidade», di sobre a súa estrea nunha obra que completa o seu extenso currículo como artista».

Hita queda co compañeirismo daqueles anos entre canteiros, unha experiencia boa e tamén de traballo intenso. «Moitas veces non eramos capaces de abstraernos da mecánica do traballo e sentir o privilexio de estar alí», comenta.

Os libros tamén acabaron forxando o seu destino. En 2018 creou en Lalín «Nigraponte», unha librería de segunda man, un proxecto cultural no que imparte clases de debuxo, e que se nutre da súa inquedaanza artística, da súa experiencia...











A herdanza dos mestres. Detrás da restauración da catedral de Compostela

Traballo realizado por Miguel Souto Alonso

Este proxecto fotográfico realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia

